

S L O S S E R R A N O D S  
C F G U A O C I Q B R E A  
O P H L A I Ñ F L E T J E  
O N X M B E C I H E L T J  
B U I D N V U Y V R E P V  
Y I R C B A R I M S D O K  
D S T G X L D U S G J Q Z  
O W A S I A D O F N X K L  
O K M B S M E U G U Ñ Q E  
E X H M C A S D J T F C I  
F V I C N E R K Q L M D F  
Y S C A R Y M O V I E W D

Busca na sopa de letras tres películas e tres series de televisión.

~~~~~  
Un avión sae de Francia  
hacia Marrocos,  
Estrélase no medio do mar;  
¿enque lugar se soterran os  
superviventes, en Francia ou  
en Marrocos?  
~~~~~  
soviv nátsE


Un trabalinguas  
Aquela carreteira está kilometrada.  
¿Quen a desquilometrará?  
O deskilometrador  
Que a deskilometrique  
Bon deskilometrador será.

Cando ía cara a Vilavella atopeime  
con 7 vellas,  
Cada vella levaba sete sacos cheos de  
ovillas.  
¿Cantas vellas con ovillas ían cara a  
Vilavella?  
ahnugniN

- Unha árbore con 12 ramas, cada rama ten 4 fillos  
cada fillo ten 7 fillos cada quen co seu nome  
¿adivíña se eres home ? (ona O)

Colaboraron neste número:

Juan Gabriel Blanco, Paula Allegue, José M<sup>a</sup> Cuba,  
Juan M<sup>a</sup> Díaz, Alejandra Martínez,  
Javier Castro, Raquel Cartelle, Javier Castro,  
Lourdes Fernández, Yolanda Iglesias,  
Pablo Toimil, Cristina Rey, Mónica Varela, Mónica Lamas,  
David Pena, Covadonga Rodríguez-Moldes e Anxos García.



# Cartafol da LINGUA


I.E.S. MUGARDOS

BOLETÍN N° 16 DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
IES MUGARDOS XUÑO 2004  
ESPECIAL LETRAS GALEGAS



*letras galegas '04*


*I.E.S. Mugardos*  
*O legado de Xocas*



## MAIO CULTURAL

Durante o mes de maio participamos con outros centros educativos de Mugardos no programa Tempo das Matemáticas impulsado desde o Consello Escolar Municipal de Mugardos. Estas son algunas imaxes da nosa aportación.

### Concurso de fotografía matemática



Título: Sistema de referencia vital  
Autores: de 2º Bac



Título: 3x2  
Autores: Alumnos de 2º Bac

### Exposición de materiais didácticos ata 1975



### Matemáticas na rúa



Aspecto dos xardíns do concello a tarde do 11 de maio



Campionato de polinomios  
Na edición deste ano ja décima! unha novidades: os tres primeiros clasificados eran equipos femininos.



Unha das actividades da carpa de xogos e inxenio foi o taller de nos.



## ¿Por que suspendemos os exames?

Un ano ten 365 días para que poidamos estudiar. Despois de sacar 52 domingos, só nos quedan 313 días.

En verán hai 50 días nos que fai demasiada calor para poder estudiar así que nos quedamos con 263 días. Durmimos 8 horas ó día, ó ano supoñen 122 días, así que agora estamos con 141 días. Se damos 1 hora ó día para face-lo que nos dea a gana, 15 fórone, así que nos quedan 126 días. Gastamos 2 horas ó día en comer, así que usamos desta maneira 30 días e quedánnos soamente 96 no noso ano. Gastamos 1 hora ó día falando con amigos e familiares, iso quitanos 15 días máis, quedánnos 81. Exames e test cóllennos como mínimo 35 días do noso ano, así só quedan 46. Sacando aproximadamente 40 días de vacacións e festas, quedamos soamente con 6 días. Digamos que como mínimo estás tres días enfermo, estás entón con so tres días para poder estudiar! Digamos tamén que só saes por 2 días! Só queda 1 día.....é o teu cumpreanoso!....así que....

BOA SORTE A TODOS OS QUE ESTEN DE EXAMES!!!!!! E PARA OS DE SELECTIVOOOOOOOOOO

Lourdes Fernández  
2º ESO

## COMPETICIÓN MATEMÁTICAS

No presente artigo vou a informar sobre as diferentes actividades e competicións matemáticas nas que participa o noso centro, o IES Mugardos.

· En primeiro lugar o: “Campionato de polinomios”:

Trátase dun xogo no que compiten alumnos de 2º de ESO en adiante en grupos de dúas persoas. O obxectivo consiste en formar parellas de fichas; *verbi gratia*: se alza-la ficha:  $X \cdot (X + 1)$ , deberás ergue-la ficha:  $X^2 + X$  a continuación; de ser así, fixéchelo ben e volverás a elixir ficha ata que erres, entón o turno pasará ó equipo contrario. Éste xogo é exclusivo do noso centro e xa se leva a practicar no IES dende hai dez anos.

· O “Canguro matemático”:

Esta proba é unha mestura entre exame e test na cal hai que responder nun tempo fixado de 1 h. e 15 min. a 30 preguntas do seguinte modo:

A proba consta de 3 seccións de 10 preguntas. Cada sección ten diferentes puntuacións dedido á complexidade dos problemas. A puntuación máxima de acertar todos os problemas sería de 150 puntos pois cada alumno parte con 30 puntos ó comezo da proba. Por último, debo engadir que nesta proba poden participar todos os estudiantes do centro pois existen diversos niveis en correspondencia co nivel do participante.

· Agora comentarei o: “Rallie matemático”:

Nesta proba tan só poden participar membros do alumnado correspondente ós cursos de 3º e 4º da ESO. A participación destes será do conxunto de todos os alumnos da clase sempre que un 75% dos alumnos acepten participar neste “exame”. A proba consta de 10 preguntas, as 8 primeiras son iguais para os cursos de 3º e 4º da ESO, mentres que as 2 últimas altéranse para que douce cursos de diferente categorías non se confronten ás mesmas preguntas. Esta competición é de ámbito galego.

· Finalmente remato escribindo con respeito a que na miña más sincera opinión é a proba raíña, a: “Olimpiada Matemática Española”:

A Olimpiada Matemática Española que celebrará a súa XLI edición no ano 2005 en Galicia, foi a única actividade da RSME que se mantivo ininterrumpida, mesmo neses anos no que a sociedade a piques estivo de desaparecer como tal. Coa refundación da RSME en 1998 baixo a presidencia do Profesor Antonio Naveira, creouse unha comisión de Olimpiadas presidida por Ceferino Ruiz que revitalizou a olimpiada conseguindo altas cuotas de participación, tanto na Fase de Distrito como na Fase Española.

Para a Fase Española seleccionanse un máximo de 9 alumnos: 3 primeros premios, 3 segundos premios e 3 terceiros premios nas Fases de Distrito galegas que logo se enfrentarán os membros das outras comunidades. Este ano 2004, a Fase Española celebrouse en Ciudad Real, pero por sorte para nós, a seguinte competición, a do 2005, tocanos aquí na casa, en Santiago de Compostela. A ver se hai sorte.

David Pena

4º ESO



## OS CÁRceres DO TEMPO

O doce de maio, recibimos o Reitor da Universidade da Coruña que n impartiunha interesantísima conferencia sobre a historia dos calendarios en distintas civilizacións.


José M<sup>a</sup> Barja naceu en Mondoñedo hai 52 anos. Está presente nas aulas desde 1976, primeiro como Profesor Adxunto na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais de Vigo, despóis exercendo a súa tarefa docente no Departamento de Álgebra e Fundamentos da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago, ata obte-la cátedra de Álgebra en 1983, á idade de 32 anos, dignidade que exerceu na Facultade de Matemáticas da Universidade de La Laguna, posteriormente na de Málaga e, desde 1991, na Universidade da Coruña.


A súa carreira como docente hai que engadir unha dilatada experiencia en labores de xestión: Director do Departamento de Computación da Universidade da Coruña, Vicedecano da Facultade de Ciencias da Universidade de Málaga, Vicerrector de Organización Académica e Profesorado en dita Universidade, Decano da Facultade de Informática da Universidade da Coruña, ademáis de Membro da Comisión de Asuntos Económicos e Presidente da Xunta de Personal Docente e Investigador.

O Profesor Barja coñece de forma exhaustiva os diversos modos de computar o tempo dende que a Humanidade sentiu a necesidade de facelo; os diferentes calendarios que rexiron destinos de homes e mulleres nas distintas culturas; a orixe dos nomes cos que designamos os meses e os días da semana; o porqué dos anos bisestos, as festas móviles... E, xa que "ningunha invención é perfecta ó nacer", tal como sentenciara Cicerón, cómo estes calendarios se foron modificando, corrixindo e adecuando para conciliaos cos movementos dos astros e facelos cada vez máis exactos.

Pilar Varela

O mesmo día da conferencia, ofreceuse un recital poético musicado sobre o tema do paso do tempo,, no que participaron alumnas e alumnos de todos los cursos. Entre os asistentes, ademáis de algúns pais e nais, representantes das institucións de Mugardos, o reitor José M<sup>a</sup> Barja, o inspector Constantino Freire e moito alumnado e profesorado. ¡Gracias a todos por apoiar os nosos actos culturais!.





## XOLDAS DOS DOMINGOS

-¡Ai!... ¡Vaia dor de cabeza!- levanteime coa típica resaca dos domin-gos – e por riba teño que cegar cedo á Facultade de Filoloxía.

Levanteime da cama mareado, non me tiña de pé, pasei de almorzar e tirei rúa abajo cara á facultade. Non lembraba nada de onte, era un paxaro a tiro para a policía.

Cando nos disponíamos a dar a 1<sup>a</sup> clase, chegou un polícia; traía unha orde de arresto para min.

-Ti cres que se poden romper os cristais da catedral de Santiago? ¿A quen se lle ocorre xogar ó futbol na Praza do Obradoiro?... ¡No cárcere 20 anos! ¡Os xuíces son do Opus Dei e non te fagas ilusións! ¿Quen te cres que es? ¡Ronaldinho?

Tal como dixo cumpriuse. Esperei o meu momento durante 20 anos na rutina do cárcere cada vez más rabioso e enfadaado. O meu cerebro estaba posuído pola malicia e maila furia. Demostraría á xustiza o que era realmente ser malo.

Axiña que me sacaron fun polas tendas clandestinas a coller unha pistola. O primeiro poli que se acercara máis dun metro ía perder a cabeza. Foi entón cando o mesmo mangallón da outra vez se me acercou buscando pelexa e burlándose de min. Cumprín o que dixen: matei ó mangallón e volvérónme trincar.

- Tranquilo, os xúices meterante no cárcere toda a eternidade.

É impresionante: por romper un cristal 20 anos e nesta ocasión o fiscal pediu 3, ¿qué ten máis valor, un cristal ou un policía? O mundo policial está tolo.

Gabriel Blanco  
2º ESO

AMOR FRUSTRADO

Se eu puidera ser unha rosa,  
se eu puidera ser unha rosa  
estaría no teu xardín ata a morte.

Se eu pudera ser unha rosa,  
se eu pudiera ser unha rosa  
enchería a túa habitación  
dun perfume, para que  
os teus encantos, meu amor,  
saíran ó encontro.

Eu fun unha rosa e murchei cando te vin.  
XOLYTHA

Yolanda Iglesias  
2º ESO



# *ACTOS CULTURAIS DAS LETRAS GALEGAS*

## O PROFESOR ACUÑA CASTROVIEJO

Foi un motivo de grande satisfacción para o noso instituto poder presentar e ter connosco ao profesor Acuña Castroviejo. O profesor Acuña é un fiel continuador do espírito daqueles investigadores que, desde tódolos eidos culturais, presentaron a nosa terra, Galiza, ao mundo.

Desde a súa fundación en 1923 o Seminario de Estudos Galegos vai incorporar da man de Cuevillas e doutros homes da Xeración Nós, (entre os que está Xaquín Lourenzo, o homenaxeado pola RAG este ano) o estudo da Prehistoria e da Arqueoloxía de Galiza. Non o farán sós, pois é nesta época cando estes estudos se consoliden asimilando a investigadores de alén do Miño.

A Guerra Civil trunca a investigación e o desenrollo dos estudos que se estaban a facer en Galiza, ata que no ano 1944 fúndase o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, dependente do CSIC, que é un intento de continuar co Seminario, e ao que se van incorporar novos investigadores.

En 1967 Bouza Brey abre as portas do Padre Sarmiento a un grupo de universitarios que se incorporan á investigación, entre estes estará o noso invitado don Fernando Acuña Castroviejo. Axiña se iniciarán unhas intensas relacións con investigadores portugueses, retomando o espírito dos pioneiros dos anos 20 e 30.

A bibliografía do profesor Acuña é extensísima, (os seus libros e artigos sobrepassan os dous centenares), os seus estudos abranguen desde a historiografía e investigación dos períodos da Galicia protohistórica e antiga ata o fundamental labor de escavación arqueolóxica.

O profesor Acuña é catedrático de Arqueoloxía da Universidade de Santiago, membro da Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e membro correspondente da Real Academia Galega. Foi cofundador do Museo do Pobo Galego, xunto con Xaquín Lourenzo. Segundo coa tradición iniciada coa xeración Nós sempre estivo relacionado con Portugal no eido científico (escavacións, cursos, doutoramentos, bolseiros), e propuxo a investidura como Doutor Honoris Causa da Universidade compostelá do profesor portugués Jorge de Alarcão, máximo expoñente da arqueoloxía portuguesa a nivel internacional e continuador das estreitas relacións entre Galiza e Portugal.

Acuña forma parte dese xermolo, que partindo case de cero, foi o iniciador da arqueoloxía galega actual. Esta non podería entenderse sen a obra do profesor. Ademais da súa rigurosa obra científica, no persoal sempre tivo un compromiso co seu país e coa súa lingua. Nos tempos en que a longa noite de pedra cubría de escuridade a nosa terra, o profesor Acuña foi luz e guía dunha xeración de novos arqueólogos que hoxe seguen a traballar polo seu país.

Xoán Carneiro

Prof. de Historia. IES Mugardos



## O LEGADO DE XOGAS

Conferencia do profesor F. Acuña Castroviejo  
IES Mugardos, 25 de maio de 2004

Xaquín Lorenzo entrou en contacto cos membros da Xeración Nós sendo un adolescente. Tiña 16 anos cando foi presentado a Florentino Cuevillas ó que lle mostrou unha pequena maqueta que fixera dos ca-rros de Lobeira. Cuevillas animou moito ó rapaz a continuar coas súas pescudas arredor do carro e publicar este traballo e a partir de aí foi introducíndo-o no círculo intelectual da Xeración Nós e posteriormente no Seminario de Estudos Galegos, institución coa que colaborou activamente ata a Guerra Civil.

O Seminario de Estudos Galegos integrrou a personalidades do ámbito das humanidades e das ciencias como un organismo de investigación do que Galicia carecía, posto que neses tempos a universidade non estaba enfocada ó estudio do noso país. O Seminario supón unha especie de revolución no que é a investigación en Galicia: o primeiro que fan é recoller todo o que se escribira sobre Galicia (neses anos publicase a bibliografía da prehistoria galega co cal se recolle todo o que está escrito e polo tanto o que son os precedentes).

O segundo paso é o estado da cuestión ¿que é o que se coñece? ( Cuevillas e Bouza Brey publican a obra *Os oestrimnios, os saefes e a ofiolatría en Galicia*). Terceira cuestión: sabendo o que se escribiu e o que hai, solventar as carencias ¿que é o que falta por investigar? A partir de aquí deseñan o que vai ser a investigación en Galicia en tódolos ámbitos, por exemplo, na catalogación dos castros, faise un modelo de ficha (como se debe de catalogar un castro); para recoller a literatura

oral (contos, cantigas, lendas, toda a antiquísima tradición cultural que se transmitiu por esta vía) fano tamén de acordo cun modelo científico. Xaquín Lorenzo intervén fundamentalmente no eido da etnografía, é dicir da cultura popular.

Os homes do Seminario de Estudos Galegos reflexionan tamén sobre a necesidade de crear unha terminoloxía científica en galego (son pioneiros do uso do galego no ámbito científico) de buscar as verbas adecuadas para expresar no noso idioma o que queren dicir as cousas.

Neste punto, danse conta que Galicia non é só a Galicia que eles coñecían, a nosa historia e a nosa cultura popular lévanos a mirar ó Portugal do norte. Galicia e o Portugal de entre Douro e Miño era o que os romanos chamaban a Gallaecia. Historicamente e culturalmente este territorio é unha unidade e a comprensión deste feito lévaos a colaborar estreitamente cos historiadores portugueses.

Este é o contexto no que se vai mover Xaquín Lorenzo. Os membros do Seminario viron a conveniencia de que, independentemente de abrir as súas investigacións a moitos campos, debían especializarse. Deste xeito Otero Pedrayo foi un xeógrafo, Cuevillas fundamentalmente un prehistoriador, Bouza Brey un arqueólogo e un epigrafista, Risco sobre todo adicouse á parte da etnografía que atende á cultura espiritual, e Xocas, pola súa banda, á cultura material.




Fig. 36. - Quern.  
Sistema de Bular. Museo de Ourense.

A etnografía concebiuna como un medio de chegar á Galicia auténtica, a Galicia popular, rural e mariñeira, depositaria dunha cultura mileneria e menos influída cá urbana pola cultura allea superposta. As raíces deste interese científico polas culturas tradicionais xorde en Europa a partir do Romanticismo: búscase a orixe dos pobos e das nacionalidades, medra o interese pola historia tanto do propio pobo coma de outros lonxanos (é a época das expedicións e do gusto polo exótico, polas civilizacións antigas).

En Galicia, xa desde o século XIX identificouse o noso pasado prehistórico cos celtas a través dos monumentos que eran visibles sobre a nosa terra: as mámoas, os dolmens, os castros. Todos estos restos falábanos das nosas orixes, dos nosos antepasados.

Xunto con esta atención ó pasado, hai no século XIX e principios do XX un interese polas culturas primitivas de distintas partes do mundo (África, América, Oceanía), polo *pobo iletrado* que dará lugar ó folklore, é dicir, calquera manifestación que o pobo iletrado nos poida transmitir das súas vivencias en tódolos aspectos. Enténdese que o que este pobo iletrado (campesiños e mariñeiros en Galicia) nos poida dicir son pervivencias de épocas moi anteriores. Por iso Xaquín Lorenzo vai estudiar estes dous mundos: o dos mariñeiros e o dos campesiños e xunto a eles o mundo artesanal.


Xaquín Lorenzo é un etnógrafo puro, describe o que ve, non o analiza nin elabora conclusóns. As interpretacións podíanse facer despois, el describe o que queda desta cultura tradicional que na súa época xa estaba ameazada de morte, conforme ía avanzando a sociedade industrial e a vida urbana, conforme van morrendo os vellos vaise perdendo unha forma de vida e os saberes acumulados durante xeracións



Fig. 37. - Estructura interior dunha chaminete en Betanzos (Culla). Véndose tamén a lareira e o lume pra pan.

Xaquín Lorenzo fixo un labor inmenso de recuperación e o seu traballo foi reunido no 2º volume dunha obra que ía ser unha gran encyclopediá sobre Galicia, estamos falando da *Historia de Galiza*, coordinada por Otero Pedrayo e da que só se chegaron a publicar os tres primeiros volumes en Buenos Aires. A obra de Xaquín Lorenzo é unha testemuña vital para entender correctamente o noso pasado, posto que moitos aspectos que el recolleu xa non existen. A partir desta obra calquera pode interpretar e quitar conclusóns.

A obra de Xaquín Lorenzo e os seus compañeiros do Seminario de



Estudos Galegos cómpre analizala no seu contexto peninsular e europeo. En Cataluña existía o Institut d'Estudis Catalans e en Europa outras institucións semellantes traballaban na investigación etnográfica, antropolóxica e histórica seguindo criterios semellantes, é dicir, os métodos utilizados polo Seminario de Estudos Galegos eran os habituais na época. Foi unha época en que se produciu un avance cultural importantísimo que foi truncado coa guerra civil. O triunfo do golpe de estado fascista supuxo o peche do Seminario, os seus bens foron incautados e moitos dos seus membros perseguidos (algúns mortos, outros exiliados, outros apartados dos seus traballos...). No ano 1944 o Consejo Superior de Investigaciones Científicas crea o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos que pretendeu ser a institución herdeira do Seminario, áinda que naturalmente as circunstancias eran ben distintas e xa non era posible traballar da mesma forma: é sintomático que o idioma galego non apareza nos traballos desta nova institución.

Outra das facetas do traballo de Xaquín Lorenzo ten que ver coa súa colaboración en traballos de equipo con outros membros do Seminario de Estudios Galegos: catálogos de castros, estudios de parroquias, por exemplo a *Vila de Calvos de Randín*, no que se fai un estudio completo dos diferentes aspectos culturais, artísticos e históricos destes lugares.

Un exemplo paradigmático é o monumental traballo *Terra de Melide*, obra pioneira en toda España. Trátase dun estudio global: xeografía, prehistoria, historia, etnografía, arquitectura popular, costumes...

A Xaquín Lorenzo interesoulle a arquitectura prerrománica e ten publicados traballos sobre Aviñadoso e San Xes de Francelos. Segundo a tese do Seminario en Galicia había tres etapas fundamentais: o Neolítico (que se corresponde co megalitismo), unha segunda etapa á que se asocian os restos de ourivería, os bronces e sería equivalente á Idade de Bronce, unha terceira etapa que estaría representada polo mundo dos castros, a Idade do Ferro. Naquel momento críase que o mundo dos castros desaparecera cando chegan os romanos dando lugar á Galicia romana: a Gallaecia, as terras de Galicia e do norte de Portugal como unha unidade cultural e política, unidade que hoxe sabemos que xa exixtía no mundo castrexo. Despois chegan os suevos, Galicia é o reino suevo, logo os visigodos. No 711 prodúcese a invasión árabe que durará moitísimo tempo pero que no afectará a Galicia. Non hai restos árabes na nosa terra. O que Xaquín Lorenzo ve nas igrexas prerrománicas é a continuación dese mundo galaico que foi evoluindo.

Quédanos por comentar ó Xaquín Lorenzo arqueólogo. O traballo arqueolóxico de Xaquín Lorenzo hai que relacionalo con López Cuevillas do que podemos dicir que foi o teorizador da prehistoria galega e o que sentou as bases do que áinda hoxe coñecemos desta etapa do noso pasado. O traballo de campo sobre o que se baseou Cuevillas fixoo en gran medida Xaquín Lorenzo. Antes da guerra Xaquín Lorenzo estivo a pé de obra nos castros de Baroña e de Borneiro e despois en Cameixa, San Cibrán de Las e Castromao.

El era o que escavaba, o que recollía os datos e con todo iso ía despois xunta Cuevillas e entre os dous recompoñían a historia do asentamento. Así descobren que nos castros había varios niveis de ocupación nunha seriación que pode durar varios séculos.

E comprobaron que as casas redondas dos castros, que eran o máis representativo, correspondían ós últimos momentos e que as máis primitivas estaban feitas con pallabarro e materias perecedeiros.

Isto vírono en Cameixa e pódese considerar un descubrimento espectacular e que contradecía a crenza que existía naquel momento de que a ocupación dos castros respondía a un momento determinado. Tamén neste campo el concentrábase na recollida exhaustiva de datos: escavaba, recollía, debuxaba, fotografaba, media e logo levaba todo iso a Cuevillas que era o que interpretaba.

En Castromao apareceu unha inscripción romana durante a escavación do castro que contiña un pacto de hospitalidade entre os romanos e os indíxenas datado no século II. De aquí nace o interese que tamén tivo pola epigrafía. Xa como colaborador do Instituto Padre Sarmiento participa nunha recolleita de inscripciones romanas de toda Galicia encargándose da provincia de Ourense. Foi un traballo moi importante xa que nos dá moita información acerca da sociedade da época.

Outra das súas vocacións foi o ensino. Non pudo ser profesor de ensino público como desexaba porque estivo vetado despois da guerra pola súa participación en actividades políticas e culturais galeguistas. Adicouse ó ensino privado no Colexio Cardenal Cisneros de Ourense do que chegou a ser director ata que se xubilou. Toda unha vida adicado ó ensino que se viu recompensada ó final da súa vida coa concesión da Gran Cruz de Alfonso X o Sabio.

Participou incansablemente en moitas empresas culturais, foi membro da Real Academia Galega, presidente do Pedrón de Ouro, membro da Coral de Ruada, fundou o Museo do Pobo Galego, proxecto que encheu de ilusión os derradeiros anos da súa vida. O Museo do Pobo Galego representa o soño cumplido de todos aqueles homes do Seminario de Estudios Galegos: contar cun museo de Galicia no que couberan a etnografía e a arqueoloxía. De feito Xaquín Lorenzo tivo o cargo de conservador do futuro museo que desde o Seminario de Estudios Galegos se pretendía impulsar e que a guerra e o que veu despois frustraron totalmente.



No Museo de Pobo Galego hai aínda unha serie de maquetas de construccions populares que se fixeron na época do Seminario de Estudios Galegos. Cando no ano 1976 se crea o Patronato do Museo do Pobo Galego non se dubidou en que a presidencia tiña que ser para Xaquín Lorenzo. As sala coas que conta hoxe o museo son un reflexo daquelas ideas que tiñan os homes do Seminario de Estudios Galegos.

E isto é o que quería contar moi por encima desta gran persoa que este ano todos debemos coñecer e valorar, do importante papel que desempeñou na transmisión dos distintos aspectos dos eidos do noso saber ó longo do tempo.

## O TUNING

A palabra Tuning é de orixe británica e significa “posta a punto”, pero se nos trasladamos ó argot automobilístico, estamos a falar da personalización de coches.

O Tuning nace en Alemaña a principios dos anos sesenta, ali os primeiros tuneiros transformaban os míticos Volkswagen 1300 ( Escaravello ) instalándolles o morro do Porsche 911 e incluso chegaban a sustituí-las prazas traseiras para darlle cabida ó motor do 911.

Anos despois o tuning xa era un fenómeno mundial e transladouse a países como Estados Unidos, Xapón, Australia, Bélgica, Francia, Reino Unido, Italia... diferenciándose as modificacions segundo o país onde se realizaba. Por exemplo, en Alemaña, os coches levan as lamias de poucas polgadas pero moi anchas, as carrocerías alisadas e as suspensiós moi rebaixadas, mentres que os italianos prefieren ter un coche moi discreto pero cunha preparación de motor extrema. Outra tendencia é a estadounidense. Ali os coches preferidos son os xaponeses ( Mitsubishi Lancer e Eclipse, Honda Civic, Nissan Skyline, Toyota Supra...) que reciben o alcume de “Import” (importados). A estes coches fanllas preparacións de motor extremas, alixeiramentos de peso, cambios de pistóns e culatas, montaxes de suspensión pneumática... pero iso non é todo, o que máis lles mola ós ianquis é o óxido nitroso. Este elemento pode aumentar ata cen cabalos (ou máis) a potencia dun motor e conseguir unhas aceleracións impresionantes. Consiste en meterlle ó motor na combustión este composto no lugar de aire

En España hai preparadores de gran sona neste mundiño como Amilio Tuning, Top Performance, Japan Tuning, Spacial Tuning, Fashion Tuning... e moitos preparadores "caseiros" que chegan a adaptar artesanalmente pezas doutros modelos.

En Galicia non hai moito tuning, pero o que hai é moi bó. Aquí hai preparadores como Portabales ou Mg Radikal Tuning que son os encargados de distribuír pezas para os coches máis tunados como o VW Golf, Seat Ibiza, Renault Clio e Mégane, Peugeot 206 e 306... que se poden ver en concentracións coma a de Moraña ou a de Pontedeume ( organizada polo preparador Audiomóvil).


A música que soe inundar o habitáculo destes coches é a dance, techno... (a raiadura como din os tuneiros), pero se falamos de Estados Unidos a música será a rap ou hip-hop.

A cultura tuneira non é moi fácil de distinguir, sobre todo nos propios tuneiros, soen ir vestidos con roupa actual e case sempre peiteados de punta. Nesta cultura tamén hai "obxectos de culto" coma as películas "The fast and the furious" e a súa segunda parte "2 fast 2 furious" (A todo gas 1 e 2) protagonizadas por Paul Walker ou "Taxi Express" coa súa segunda e terceira parte. Tamén destacan algunas revistas como Maxi Tuning, GTI Mag, Auto-Max...

Con isto remato e invítovos a que acudades a algunha concentración para coñecer preparacións e a forma de vivir dos tuneiros.

Texto: Juan M<sup>a</sup> Díaz

Debuxo: Lourdes Fernández



## ENTREVISTA A ANTÓN CORTIZAS

Antón Cortizas é un escritor de literatura galega que estivo en Mugardos hai uns días falandoalgúns dos seus libros. Amablemente concedeunos unha entrevista, así que imos con ela.

**REPORTEIROS:** ¿Cando descubriu que se ía adicar a escribir contos?

**ANTÓN CORTIZAS:** Descubrín que me ía adicar a escribir contos cando estaba en Mugardos, recopilei varias historias que contara e creei Xiganano; logo animáronme varios premios.

**R:** ¿Existe a inspiración?

**A C:** Hai momentos más lúcidos ca outros, pero, cada persoa ten unha inspiración distinta.

**R:** ¿Inspírase nalgún escritor galego clásico para escribir?

**A C:** Inflúenme Rosalía Curros, Alvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Castelao, etc.

**R:** ¿Cal foi o 1 libro que escribiu?

**A C:** Xiganano, ¿onde estás?

**R:** ¿Agora mesmo está a escribir algún libro?

**A C:** Si, Xoguetes Populares.

**R:** ¿Con que fai os borradores, con bolígrafo ou a ordenador?

**A C:** Escibo co ordenador e corrixo con bolígrafo.

**R:** ¿Algunha vez pensou en escribir noutra lingua que non fose o galego?

**A C:** Non, aínda que unha vez fixen un pequeno texto teatral en castelán.

**R:** Para escribir ben ¿que se necesita?

**A C:** Aprender a escribir dunha forma xentosa

**R:** ¿Cando vostede era pequeno era bo nos estudos?

**A C:** Si, defendíame ben aínda que non era unha marabilla.

Estes reporteiros despídense e a agardar polo seguinte libro.  
Pablo Toimil e Lourdes Fernández (2 E. S. O. )